

Creación do Comité de Regulación da Escalada en Faro Budiño

Na reunión da Xunta Directiva da FGM celebrada o 2 de outubro de 2007, decidiuse a creación dun Comité de Regulación da Escalada en Faro Budiño.

Esta decisión fundaméntase nos seguintes [antecedentes](#):

- Un grupo de escaladores presentou na FGM unha proposta de “reequipación e acondicionamento das Vías clásicas de Faro Budiño”, que demos en chamar “Proposta”. Ante a polémica que suscitou, a FGM e de acordo cos promotores da Proposta, convocou unha reunión (convocatoria de data 30 de abril de 2007) para debater a situación e intentar consensuar uns criterios básicos para a conservación das vías de escalada. Esta reunión celebrouse o 11 de maio de 2007 e do falado hai un documento que recolle extensamente as distintas opinións expresadas.

- Dende a celebración da reunión de maio ata setembro non efectuouse ningunha actuación nas vías existentes en Faro Budiño, nin de equipación nin de desequipación (polo que A Pinos segue a estar equipada a pesar da petición expresa para que os mesmos que a equiparon a desequipasen como mostra de boa vontade), á espera dunha negociación do conflito.

- En reunión celebrada o 19 de setembro de 2007 cos promotores da Proposta rexeitaron a creación dun Comité de Regulación da escalada en Budiño (proposto, na reunión do 11 de maio, polo Grupo de Montaña Alud) e propoñían unha reunión entre as posturas opostas (4 escaladores a favor de que se equipen as fisuras e 4 en contra) na que se negociasen as vías clásicas a equipar. Esta reunión aventurei que non ía ser fructífera pois as posturas son moi enfrontadas, polo que se non se chegaba a acordo propoñían entón un referendo no que os escaladores locais decidisen que é o que querían na zona de Faro Budiño.

- En conversacións posteriores -respecto do tratado cos promotores da Proposta- co Director da EGAM (e este cos membros do seu Comité Técnico e algúns representantes de Clubs) e co Vogal de Infraestructuras e Equipamentos de Escalada da FGM, ambos rexeitaron a realización da reunión proposta por inútil e insistiron en que a vía correcta é o Comité como así quedou patente na reunión do 11 de maio, ademais engadiron que a celebración dun referendo é moi complicado sobre todo no referente a quen pode votar e quen non.

- En consideración a todo o anterior e á opinión maioritaria de que un Comité pode ser o mellor instrumento para acadar unha solución ao conflito actual e a contribuír a ter unha boa organización e regulación da escalada en Budiño, foi proposto pola miña parte en reunión da directiva da FGM, a creación dun Comité no que se deberán tomar as decisións oportunas, incluso a convocatoria dun referendo se estímase conveniente.

Para a creación do Comité e coa intención de acadar un amplo consenso, celebrárase unha reunión previa.

Asdo. Sechu López
Director Técnico